



Imaxes dalgúns dos momentos máis intensos do simposio que acolleu o opazo de San Marcos. MÓNICA PEREIRA



Inauguración OROZCO ENUMEROU ATRACTIVOS DUNHA ZONA CON MÚLTIPLES POSIBILIDADES



Aunar esforzos para converter a Lugo en reclamo

FORO. A Deputación convocou un congreso para definir á provincia como destino. Nel púxose de manifesto a necesidade de consensuar accións

DIÁLOGOS COMUNICACIÓN

Coñecer as cualidades dun produto é imprescindible á hora de facelo atractivo, de aí que no primeiro Congreso de Turismo Destino Lugo non só se abordasen posibles modelos a través dos que favorecer a divulgación dos atractivos da provincia, senón que nel tamén se aludiu ós elementos que a definen e identifican.

Neste senso, o rexedor lucense, José López Orozco, suliñou na inauguración do foro que «Lugo é un destino turístico perfecto, xa que ofrece mar e montaña, un sur cunha exquisita natureza e unha capitalidade que presume da súa muralla, que é Patrimonio da Humanidade». Destacou tamén o feito de que varias rutas a Compostela discurren pola provincia e fixo unha especial mención á gastronomía de Lugo. Non obstante

recalcou que ofrecer un trato exquisito e profesional será o que determine que o visitante prolongue a súa estada ou regrese, de aí a importancia de aunar os esforzos do sector privado cos das administracións públicas. «Temos calidade, certa experiencia e unha natureza prodixiosa», polo que só falta traballar en común, algo que, engade López Orozco, será o que logre dar pulo ó turismo. De aí, a importancia «dunha iniciativa como a da Vicepresidencia Terceira de Deputación».

Partindo do coñecemento e avaliando as posibles cuestións a mellorar, é factible idear un plan de traballo a partir do que desenvolver unha proposta eficiente de promoción do turismo. Así, durante a primeira alocución das xornadas, Juan Marcet e Rosario Quintana deron a coñecer as claves de Lugo



Responsables de institucións que favorecen o turismo durante unha mesa de debate. MÓNICA PEREIRA

Terra, unha iniciativa a partir da que se creou unha imaxe que definira á provincia, e na que confluíron o enlace do Sil co Miño e máis o verde que caracteriza o contorno. Buscou resaltar o carácter natural de Lugo a fin de dar a coñecer unha zona que é mesmo descoñecida polos galegos. O estudo determinou que moitos son alleos ó feito de que Lugo ten mar, e pensan que a costa lucense pertence en realidade a Asturias, cando o Cantábrico é un dos iconos sobre os que traballar.

Fíxose con xente de fóra, para saber que é o que máis atrae e que ten máis potencial, sen que os posibles afectos cara zonas concretas interfiran.

Deseñouse un expositor que lembra na súa estrutura á praia das Catedrais, un dos iconos da provincia. Nel, aproveitouse a referencia ós arcos das rochas que definen o areal para amosar en cada un deles un Lugo distinto. E, en lugar de optar polos grandes eventos dirixidos ós comercializadores de turismo, mostráronse en prazas públicas, algo que chamou especialmente a atención. Ademais, alugouse un auto-

bús inglés que percorreu, cun grande éxito, cidades españolas e portuguesas. A súa presenza posibilitou comprobar como en función da zona na que este se atopaba as visitas á web www.lugoterra.com se multiplicaban.

Así mesmo, durante a primeira xornada do foro, os asistentes poideron coñecer os programas para favorecer o incremento do turismo desenvolvidos pola Hidden Britain South East, que é a organización para a promoción do interior da Gran Bretaña; o labor desenvolvido pola firma Turku Touring, a través dunha videoconferencia coa súa directora; e a experiencia de Turisvall, que é a sociedade de promoción e xestión do turismo da provincia de Valladolid.

Ó remate destas intervencións, iniciouse un intenso debate a partir do que se estudou como coordinar accións en materia de turismo en Lugo.

Na mesa, participou a impulsora do congreso, María Xosé Vega, quen é vicepresidenta terceira da Deputación de Lugo; o presidente do Padroado Provincial de Turismo, Julio Álvarez;





Diferentes momentos da cóctel e máis do congreso. MÓNICA PEREIRA



Alicerce

O FORO FOI O PUNTO DE PARTIDA DO MODELO DE COORDINACIÓN TURÍSTICO PROVINCIAL, QUE ESTARÁ LISTO EN DOUS MESES



Vega Buján, Gómez Besteiro e José Rábade durante a clausura. MÓNICA PEREIRA

o máximo responsable da Asociación Provincial de Hostalería de Lugo, José María Real; a presidenta de Lugo-sur, Carmen Martínez; o presidente de Aturmar, Manuel Vicente; e a directora xerente de Turgalicia, Carmen Pita.

Vega Buján suliñou as cifras de crecemento de visitantes como un indicativo de que se estaba traballando na boa dirección, dado que estas apuntan a un incremento porcentual máis elevado que o rexistrado noutras zonas de similares características. En Lugo foi dun 16,2 por cento, algo que non pode atribuírse unicamente á celebración do Ano Santo, dado que «o camiño máis representativo é a ruta xacobeana e, malia iso, houbo un aumento da afluencia de turistas en toda a provincia».

De todos modos, ó igual que o resto de participantes na mesa de debate, apuntou a necesidade de poñer en común as accións a desenvolver, a fin de que conflúan as propostas das admi-

nistracións coas da iniciativa privada.

Neste mesmo senso, José María Real, lamentou que «cada un vai polo seu lado», cando «o que hai que facer é xuntar esforzos». No «déficit en canto a coordinación», tamén abundou Manuel Vicente, quen suliñou que é preciso «falar para coñecer a liña de actuación do sector privado e máis da administración a fin de consensuar as accións antes de emprendelas».

Julio Álvarez destacou o labor que desenvolve a Cámara de Comercio a través do padroado a fin de deseñar un paquete turístico único, algo que favorecería incrementar o tempo de permanencia media na provincia, algo que a fin de contas «beneficiaría a todo Lugo». Tamén se manifestou a favor deste sistema Carmen Martínez, xa que «temos bos vimbios para facelo». Pero cre precisa unha maior seriedade e rigor, xa que, «por exemplo, créanse rutas de sendeirismo para logo pecha-

las». Os empresarios «que invisten a prol do turismo precisan que esa aposta sexa rendible».

Pola súa banda, Carmen Pita enumerou os itinerarios propostos por Turgalicia, a través dos que se aposta por distintos xeitos de disfrutar do tempo de lecer, en lugar de por zonas concretas, a fin de favorecer que a visita a Galicia posibilite vivir experiencias.

Dende a Deputación, indicou Vega Buján, apostouse polo eslogan Lugo de todo natural e por dar a coñecer a provincia a través de diferentes elementos, a fin de promocionala e crear paquetes

turísticos, nos que a complicitade dun sector privado máis unido sería determinante para coñecer e atallar as deficiencias. Para iniciar o diálogo, optouse por convocar un foro no que participaron máis de 500 persoas. Durante o mesmo, Vega Buján anunciou que en dous meses estará listo o novo modelo de coordinación turístico provincial. Amais, avanzou que se creará unha guía de experiencias pola provincia.

No congreso, que clausurou o presidente da Deputación, José Ramón Gómez Besteiro, tamén se coñeceu a experiencia de promoción que está a desenvolver a empresa municipal de turismo de Segovia, a do Instituto Municipal de Turismo de Palma de Mallorca e a do consorcio que o xestiona en Barcelona; profundizouse no concepto Marketing de Destino; e aproveitáronse os xantares e o cóctel celebrado no Círculo das Artes para amosar o potencial gastronómico de Lugo.

Feitos
VEGA BUJÁN ANUNCIÓU QUE SE CREARÁ UNHA GUÍA DE EXPERIENCIAS POR LUGO